

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011579	A Guía	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CSCOM01	Transporte e loxística	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0629	Organización do transporte de mercadorías	2023/2024	0	140	0
MP0629_22	Planificación e avaliación do servizo de transporte	2023/2024	0	90	0
MP0629_12	Funcionamento e custos da empresa de transporte	2023/2024	0	50	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	YOLANDA ÁLVAREZ GARCÍA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0629_22) RA1 - Planifica o servizo de transporte de mercadorías calculando as previsións de tráfico, aplicando criterios económicos e organizativos.
(MP0629_12) RA1 - Deseña a estrutura e o funcionamento do departamento de explotación ou tráfico na empresa de transporte, aplicando métodos de organización do traballo.
(MP0629_22) RA2 - Programa o tráfico diario aplicando os criterios establecidos pola organización e o nivel de servizo establecido para cada cliente.
(MP0629_12) RA2 - Caracteriza as variables que determinan os custos de explotación en empresas de transporte de mercadorías, aplicando diferentes métodos de cálculo.
(MP0629_22) RA3 - Controla as operacións e a documentación do tránsito de mercadorías e medios de transporte, aplicando a normativa e respectando as instrucións establecidas pola empresa, e resolve as incidencias, as irregularidades e as reclamacións que se produzan durante a prestación do servizo.
(MP0629_22) RA4 - Relaciona os sistemas para o control da calidade e do respecto polo ambiente do servizo de transporte, analizando as necesidades da clientela, avaliando os custos e elaborando informes que apoiem a dirección e o equipo de traballo na toma de decisións.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0629_22) CA1.1 Establecéronse os obxectivos e as estratexias do departamento de tráfico de acordo coa política e os obxectivos xerais da empresa.
(MP0629_12) CA1.1 Identificáronse as normas e as regras relativas á organización do mercado do transporte de mercadorías por estrada, á xestión e á venda dos servizos, e á loxística.
(MP0629_22) CA1.2 Determináronse os parámetros que interveñen na planificación das operacións de transporte de mercadorías.
(MP0629_12) CA1.2 Relacionáronse as categorías das actividades auxiliares e complementarias de transporte cos súas funcións e o seu estatuto.
(MP0629_22) CA1.3 Determináronse os servizos que deben contratarse co exterior, os seus controis axeitados e/ou a necesidade de adquisición de novos vehículos.
(MP0629_12) CA1.3 Elaboráronse organigramas do conxunto do persoal en función dos tipos de organización dunha empresa de transporte de mercadorías, e organizáronse plans de traballo.

Criterios de avaliación do currículo
(MP0629_22) CA1.4 Seleccionouse o método para mellorar os servizos de transporte de mercadorías, ampliando os percorridos en carga e reducindo tempos de execución.
(MP0629_12) CA1.4 Relacionáronse as fases e as operacións do proceso de prestación do servizo de transporte de mercadorías, cos medios, os equipamentos e os recursos humanos que interveñen nel.
(MP0629_22) CA1.6 Determináronse itinerarios, permisos, autorizacións e horarios coa Administración competente, segundo establece a normativa aplicable a cada tipo de carga (mercadorías voluminosas, perigosas e perecedoiras, e animais vivos).
(MP0629_22) CA1.7 Previuse o procedemento e as xestións necesarias para realizar un transporte alternativo como consecuencia dunha avaría nun medio de transporte destinado a un servizo concreto.
(MP0629_12) CA1.7 Caracterizáronse os trazos fundamentais dun sistema de información e control documentario aplicable ao servizo de explotación ou tráfico.
(MP0629_22) CA2.1 Identifícanse as redes de transporte utilizadas habitualmente e definidas pola xeografía, describindo as súas características máis salientables e as normas, as prohibicións e as restricións á circulación no ámbito autonómico, estatal, comunitaria e inte
(MP0629_12) CA2.1 Clasifícanse os custos de explotación nas empresas de transporte de mercadorías e avalíase a importancia relativa de cada un.
(MP0629_12) CA2.2 Diferenciáronse os conceptos de gasto, custo e pagamento no transporte de mercadorías.
(MP0629_22) CA2.3 Identifícanse os principios, as técnicas, as regras e as precaucións xerais que se deben ter en conta na carga, na estiba e na descarga das mercadorías, na distribución, na arombaxe e no calzamento no vehículo, en especial os contedores e as cargas de g
(MP0629_12) CA2.3 Identifícanse os centros de custos nas empresas de transporte de mercadorías e explicouse o tipo de custo que xeran.
(MP0629_22) CA2.4 Seleccionáronse os tipos de dispositivos de mantemento e carga en función da mercadoría (comportas, contedores, paletas, etc.).
(MP0629_12) CA2.4 Analizáronse os principais métodos de imputación de custos fixos.
(MP0629_22) CA2.5 Determináronse horas de saída e chegada, o tempo de conducción e de descanso, segundo a normativa aplicable e as consignas e instrucións sobre conducción preventiva establecidas pola empresa.
(MP0629_22) CA2.6 Seleccionáronse os documentos necesarios para a realización dos servizos de transporte por estrada.
(MP0629_12) CA2.6 Relacionáronse os soportes documentais utilizados nas empresas de transporte coa clase de custos sobre o que proporcionan información.
(MP0629_22) CA2.7 Analizáronse os procedementos de verificación para garantir a presenza, tanto na empresa como a bordo dos vehículos, dos documentos correspondentes a cada operación de transporte realizada, en particular os documentos relativos ao vehículo, á persoa que c
(MP0629_22) CA3.1 Seleccionouse o método de control de tempos de conducción e descanso, e elaboráronse os informes correspondentes.
(MP0629_22) CA3.3 Aplícase a normativa e o procedemento que cumpra seguir no caso de accidentes na realización dun servizo de transporte, tendo en conta os tipos de cargas (carga xeral, mercadorías de dimensións especiais, perigosas, perecedoiras e de animais vivos).

Criterios de avaliación do currículo
(MP0629_22) CA4.1 Analizáronse os requisitos para a implantación dun sistema de calidade na empresa.
(MP0629_22) CA4.2 Identificáronse os parámetros que miden a calidade do servizo de transporte de mercadorías.
(MP0629_22) CA4.5 Analizáronse os aspectos e os impactos ambientais das operacións de transporte.
(MP0629_22) CA4.6 Analizáronse os requisitos legislativos ambientais do sector do transporte.
(MP0629_22) CA4.7 Identificáronse as ferramentas axeitadas para a xestión ambiental.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0629_22) RA1 - Planifica o servizo de transporte de mercadorías calculando as previsións de tráfico, aplicando criterios económicos e organizativos.
(MP0629_12) RA1 - Deseña a estrutura e o funcionamento do departamento de explotación ou tráfico na empresa de transporte, aplicando métodos de organización do traballo.
(MP0629_22) RA2 - Programa o tráfico diario aplicando os criterios establecidos pola organización e o nivel de servizo establecido para cada cliente.
(MP0629_12) RA2 - Caracteriza as variables que determinan os custos de explotación en empresas de transporte de mercadorías, aplicando diferentes métodos de cálculo.
(MP0629_22) RA3 - Controla as operacións e a documentación do tránsito de mercadorías e medios de transporte, aplicando a normativa e respectando as instrucións establecidas pola empresa, e resolve as incidencias, as irregularidades e as reclamacións que se produzan durante a prestación do servizo.
(MP0629_22) RA4 - Relaciona os sistemas para o control da calidade e do respecto polo ambiente do servizo de transporte, analizando as necesidades da clientela, avaliando os custos e elaborando informes que apoiem a dirección e o equipo de traballo na toma de decisións.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0629_12) CA1.3 Elaboráronse organigramas do conxunto do persoal en función dos tipos de organización dunha empresa de transporte de mercadorías, e organizáronse plans de traballo.

Criterios de avaliación do currículo
(MP0629_22) CA1.5 Confeccionáronse as rutas do transporte co mellor trazado posible, reducindo tempos e os percorridos, e determinando as características técnicas dos medios de transporte.
(MP0629_12) CA1.5 Asignáronse as funcións dun departamento tipo de tráfico dunha empresa de transporte de mercadorías.
(MP0629_22) CA1.6 Determináronse itinerarios, permisos, autorizacións e horarios coa Administración competente, segundo establece a normativa aplicable a cada tipo de carga (mercadorías voluminosas, perigosas e perecedoiras, e animais vivos).
(MP0629_12) CA1.6 Determinouse, no departamento de tráfico, a distribución do traballo e das funcións, as directrices de funcionamento e a relación con outros departamentos.
(MP0629_12) CA1.7 Caracterizáronse os trazos fundamentais dun sistema de información e control documentario aplicable ao servizo de explotación ou tráfico.
(MP0629_12) CA1.8 Elaboráronse os tipos de informes máis habituais nun departamento de tráfico ou explotación nas empresas de transporte.
(MP0629_22) CA2.2 Confeccionouse a ruta dun servizo de transporte, utilizando programas informáticos, co mellor trazado posible en función do número e do tipo de vehículos dispoñibles, o número de puntos de repartición e recollida, así como a cantidade e o tipo de mercador
(MP0629_22) CA2.4 Seleccionáronse os tipos de dispositivos de mantemento e carga en función da mercadoría (comportas, contedores, paletas, etc.).
(MP0629_22) CA2.5 Determináronse horas de saída e chegada, o tempo de condución e de descanso, segundo a normativa aplicable e as consignas e instrucións sobre condución preventiva establecidas pola empresa.
(MP0629_12) CA2.5 Calculáronse os custos do transporte correspondentes a un período dado e os custos por unidade de servizo (por vehículo, por quilómetro, por viaxe ou por tonelada), utilizando aplicacións informáticas.
(MP0629_12) CA2.6 Relacionáronse os soportes documentais utilizados nas empresas de transporte coa clase de custos sobre o que proporcionan información.
(MP0629_22) CA2.8 Puxéronse en práctica os procedementos axeitados para respectar as normas relativas ao transporte de mercadorías perigosas e residuos, de bens perecedoiros e de animais.
(MP0629_22) CA3.2 Analizáronse as incidencias máis comúns que poidan presentarse na realización dun servizo de transporte, tendo en conta os tipos de cargas (carga xeral, mercadorías de dimensións especiais, perigosas, perecedoiras e de animais vivos).
(MP0629_22) CA3.3 Aplícase a normativa e o procedemento que cumpra seguir no caso de accidentes na realización dun servizo de transporte, tendo en conta os tipos de cargas (carga xeral, mercadorías de dimensións especiais, perigosas, perecedoiras e de animais vivos).
(MP0629_22) CA3.4 Analizáronse as posibles reclamacións derivadas dos contratos de transporte de mercadorías, e identificáronse as que se resollen ante as xuntas arbitrais.
(MP0629_22) CA3.5 Calculáronse as posibles sancións correspondentes a infraccións derivadas do incumprimento da normativa no desenvolvemento dunha operación de transporte por estrada.
(MP0629_22) CA4.3 Aplicáronse as técnicas máis utilizadas polas empresas de transporte para avaliar a calidade do servizo, utilizando a información subministrada por medios informáticos e telemáticos.
(MP0629_22) CA4.4 Elaboráronse informes sobre a calidade do servizo prestado, as incidencias que produciran e a solución formulada.

3. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Todos os elementos curriculares (resultados de aprendizaxes, criterios de avaliación e bloques de contidos asociados) deste módulo son mínimos exigibles e poden ser preguntados en calquera das partes da proba. Para obter unha avaliación positiva é preciso superar cada unha das partes con 5 puntos sobre 10 como mínimo.

A cualificación final, sempre que estean aprobadas as dúas partes da proba, realizarase mediante unha media aritmética das dúas cualificacións, teórica e práctica.

O enunciado da proba conterá unha cabeceira coa información do tipo de proba (por exemplo: parte teórica proba libre) a data de realización e aquelas cuestións que se consideren precisas para un bo desenvolvemento das mesmas (normas de actuación, material a utilizar, tempo máximo de duración, etc...).

Todas as partes da proba especificarán en cada cuestión a desenvolver, a puntuación máxima que se obterá.

Primeira parte da proba.

Parte teórica:

Conterá un número significativo de cuestións dos RAs correspondentes aos contidos teóricos do módulo que acredite o coñecemento dos mesmos divididos en cuestións a desenvolver e/ou cuestións tipo test:

- As cuestións a desenvolver se corruxirán seguindo un padrón de corrección onde a cualificación valorarase do seguinte xeito: pregunta completa 100% da cualificación, pregunta case completa 75% da cualificación, pregunta aceptable (mínimo) 50% da cualificación, pregunta incompleta 25% da cualificación, pregunta moi incompleta 5% da cualificación.

- As cuestións tipo test valerán cada unha 10 dividido polo número delas. As cuestións mal respondidas penalizarán e o xeito de penalización estará explicado no enunciado desta parte da proba.

- Se houberse dos dous tipos de cuestións na parte teórica da proba, ponderarían do seguinte xeito: 60% cuestións a desenvolver e 40% tipo test. Se só houberse dun tipo de cuestións primarían as cuestións a desenvolver cun 100% da cualificación segundo o resultado da corrección.

Segunda parte da proba. Parte práctica:

Conterá un número significativo de cuestións dos RAs correspondentes aos contidos prácticos do módulo que acredite o coñecemento dos mesmos divididos en exercicios prácticos de varios tipos que poden conter

cálculos dos precios de transporte, das indemnizacións por perda o danos nas mercadorías, cumprimentación de carta de porte, contratos de transporte, etc.

- Os cálculos serán corrixidos seguindo padróns de corrección e listas de cotexo onde se incluírán as secuencias dos cálculos e a súa valoración para obter o total da cualificación.

- No resto de cuestións prácticas se darán instrucións sobre os apartados a desenvolver e a cualificación de cada un deles. Serán corrixidos cunha rúbrica adaptada a cada cuestión concreta cos seguintes niveis de logro: completo/excelente 100% da cualificación do indicador de que se trate; case completo/bo 75%; aceptable (mínimo) 50% e insuficiente do 0% ao 40%.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Constará de 10 preguntas a desenvolver e/ou dun número significativo de cuestións tipo test sobre os contidos teóricos do módulo seguintes:

Normativa do sector de transporte terrestre, estrutura, características e funcionamento.

Actividades auxiliares e complementarias do transporte (operadores de transporte).

Servizo de transporte de mercadorías. Proceso de prestación do servizo: características e procedemento. Carga completa e paquetería.

Departamento de explotación ou tráfico dunha empresa de transportes: organigrama funcional.

Estrutura de custos da empresa de transporte de mercadorías.

Obxectivos e estratexias do departamento de tráfico ou explotación da empresa de transporte de mercadorías.

Características do transporte de mercadorías: compatibilidade entre o medio e a carga, elección do medio de transporte, segundo o servizo e a mercadoría prevista.

Planificación do servizo de transporte: procedemento.



Subcontratación do servizo de transporte: alternativas; procedemento.

Métodos de programación de rutas aplicables a cada tipo de carga: puntos de carga e descarga, puntos de paso (fronteiras e alfándegas), restricións de circulación, permisos, autorizacións e horarios.

Métodos de distribución de cargas e estiba. Carga, estiba e descarga. Manipulación da mercadoría. Protección física da mercadoría. Dispositivos e equipamentos de mantemento e carga. Limitacións segundo a normativa de circulación.

Documentación de tráfico: normativa reguladora. Documentación do transporte: vehículo, mercadorías e persoa que conduza.

Transporte de mercadorías perigosas e residuos: Directiva 94/55/CE4, Directiva 96/35/CE5 e Regulamento (CEE) n.º 259/93. Normativa.

Transporte de bens perecedoiros: acordo relativo ao transporte internacional de bens perecedoiros, ATP.

Transporte de animais vivos: acordo relativo ao transporte de animais vivos.

Transportes especiais: Directiva 96/53 CE. Pesos e dimensións. Autorizacións complementarias de circulación.

Métodos de control de operacións de transporte de mercadorías por estrada. Tacógrafo. Tempos de conducción e descanso; Regulamento 561/2006 CE. Tempos de traballo;

Reclamacións derivadas de danos, perdas ou avarías das mercadorías, ou retraso na súa entrega. Métodos de resolución de reclamacións e conflitos. Xuntas arbitrais.

Infraccións e sancións no transporte por estrada. Baremo sancionador.

Xestión do servizo de transporte e xestión medioambiental do transporte de mercadorías por estrada.



4.b) Segunda parte da proba

A proba pode constar de todas ou algunhas das seguintes cuestións

Cálculo de indemnización por perdas, danos ou averías nas mercadorías, e por retraso na entrega.

Cumprimentación de documentación do transporte, carta de porte, documentos de control.

Resolución de casos prácticos de transporte de mercadorías perigosas, manexando o ADR.

Deseno de rutas tendo en conta os tempos de condución e descanso Regulamentos 561/2006 e R 1504/2020 e os tempos de traballo RD 902/2007.

Calculo dos costes dunha empresa de transportes de mercadorías.

Resolución de exercicios relacionados ca normativa de pesos y dimensións máximas dos vehículos RGV.

Reclamacións ante a Xunta Arbitral de Transportes.